

DISCURSO BIBLIOTECA GONZÁLEZ GARCÉS

Sr. Francisco López Rodríguez, Director do Libro, Bibliotecas e Arquivos

Sr. Francisco Castro, Presidente de Galix

Autoridades presentes en xeral

Queridos amigas e amigos todos:

Mañá cómprese 206 anos do nacemento do escritor danés Hans Christian Andersen, e por eso cada dous de abril celébrase a efeméride no mundo enteiro. Celébrase porque así foi instituído polo IBBY, ou sexa pola Organización Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Tamén en Galicia se conmemora, pois aquí existe unha entidade equivalente que é Gáliz, que representa a escritores, tradutores, ilustradores, editores e libreiros do noso país no que se refire a esta modalidade literaria.

O IBBY reuniuse recentemente en Compostela. Asistiron representantes dos cinco continentes. Manuel Bragado, presidente da Asociación Galega de Editores; director de Edicións Xerais, dixo nesa ocasión que a literatura galega para nenos e adolescentes nacera hai 50 anos co meu libro “Memorias dun neno labrego”. O mesmo dixeron outros delegados nosos nese evento internacional. Eso agrádame certamente como autor do libro, pero máis aínda porque o libro galego nese xénero avanzou moito nos últimos tempos e contamos con autores de gran valía, con premios locais e nacionais e traducidos a outras linguas. Existen hoxe concursos, ilustradores especializados, etc.

Cadra, como digo, que ese libro meu cumpre agora medio século, e a Consellería de Cultura, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, patrocinou a exposición que hoxe se presenta, precisamente aquí mesmo, nesta biblioteca que leva o nome do poeta Miguel González Garcés.

En 1961, o mesmo ano en que publiquei ese libro en Buenos Aires, fun residir, con Anisia, a miña compañeira, á Habana e alí vimos a atención que se presta á infancia, incluíndo a publicación de libros para nenos e nenas. Organízanse concursos, exposicións, debates e existen editoriais que publican obras exclusivamente dedicadas a esas idades. Anisia chegou a ser coordinadora nacional de edicións infantís e xuvenís e eu incorporeime de diversos modos e con entusiasmo ó mesmo labor, máis alá das miñas obrigas habituais. Quero informar que hai uns vinte anos, nunha exposición internacional que se levou a cabo na Biblioteca Nacional da Habana, Galicia estivo presente pois incluímos na mesma todos os libros publicados na nosa lingua nese sector. E engado outro dato persoal curioso. No concurso de contos infantís de 1985 da chamada Xornada Internacional da Infancia, Anisia e máis eu participamos e cadra que gañamos o primeiro premio compartido. Publicáronse cen mil exemplares de cada un de ambos libros. O de Anisia editaríase tamén aquí máis tarde en galego por Edición do Castro. Titúlase “A primeira aventura”. Xuntos tamén integramos a dirección

das revistas para nenos e nenas Zunzún e Bijirita, cunha tirada mensual de 250.000 exemplares a primeira e 350.000 a segunda, cantidades que resultaban insuficientes pola calidade das mesmas e polo alto índice de lectores que hai naquel país.

Na nosa Fundación existe unha biblioteca pública con 7.800 volumes, cunha sala de lectura para nenos e adolescentes e outra para adultos. Ademais da lectura en sala levamos prestado a domicilio á beira de 14.000 libros. Estamos no rural e creamos na comarca unha especie de “adicción” á lectura. Por outra parte, en anos alternos convocamos, a nivel de toda Galicia dende hai doce anos, os premios Arume, de poesía para nenos, e Estornela, de teatro, tamén para nenos e nenas. E véñense publicando as obras premiadas en ambos xéneros.

A xeito de rendición de contas e non por presumir de nada, que non me vai, infórmovos que publiquei en galego oito libros para esas idades, sete de narrativa e un de poesía. De “Memorias dun neno labrego” non vou falar pois está na exposición. Outro é “Cartas a Lelo” con quince edicións e “O cabaliño de buxo”, con doce. Non entro en detalles sobre outros, mais quero falar brevemente de “Espantallo amigo”, non porque sexa o autor (puidera ser calquera) senon porque é unha obra galega, publicada hai agora corenta anos, en 1971. Ten once edicións en Galicia e foi traducida ós idiomas castelán, inglés, catalán, ucraíno e éuscaro (a edición vasca foi publicada hai pouco). A ONCE publicouno en Braille para cegos. E hai algúns anos, o Banco da Imaxe, de París, fixo unha adaptación teatral, en francés e co engadido de danzas e da intervención do grupo musical arxentino Karumanta, foi levado a escena no Parque das Flores, na sala Municipal de Festas, e o Día Nacional da Música e da Poesía representárono grupos de nenos e nenas de cento seis colexios da periferia de París, co patrocinio de Ministerio de Cultura francés. Inda máis: unha compañía profesional puxo en escena esta peza, como símbolo da armonía humana e da concordia, no Coliseo Romano de Nimes. Non pedín ningunha remuneración económica e nin siquiera me interesou que aparecese o meu nome como autor da narración que motivara a peza teatral; a única e ineludible condición foi que se consignase que proviña dun libro en lingua galega.

Outra noticia: en carta enviada a Paco del Riego dende Cuba o 12 de novembro de 1964 dicíalle: “Galaxia debe publicar libros para nenos; se un home ou unha muller non leron en galego dende nenos é difícil que o fagan de adultos. E contestoume con data 2 de decembro do mesmo ano: “A idea da colección infantil de que me fala hai tempo que a agarimamos nós. Estámolle dando voltas para concretala. As suxerencias que vostede nos faga serán moi proveitosas”. Galaxia comezou pouco despois coa tradución de tres títulos de narrativa do catalán, da editorial la Galera. E máis tarde publicaría a primeira obra galega: “Polo mar van as sardiñas”, de Xohana torres. Tales foron os comezos desta andaina das edicións en Galicia para a infancia, só tres anos despois da aparición de “Memorias dun neno labrego”.

Queridos amigas e amigos:

Resulta moi honroso e conmovedor para min que Gáliz me outorgue o título de Socio de Honra. Tratarei de merecelo. Ou seguirei ocupándome, como escritor e xornalista, da xente nova, que é o futuro. Este recoñecemento ten para min un alto significado.

Grazas, amigo Francisco Castro, e demais membros da directiva de Gáliz, por este premio, por este libro que titulastes “Cartas a Balbino”, e no que colaboran amigos e amigas do eido das letras, e por este acto tan fermoso. Grazas amigos e amigas que falastes de min con palabras seguramente inmerecidas; que dixestes uns e outros cousas que me chegan ó corazón; que expresastes sentimentos moi entrañables.

E para rematar, mil grazas a todas e a todos.

1 – 4 – 2011

Biblioteca González Garcés. A Coruña.

XOSÉ NEIRA VILAS